

MANIFESTO DA PLATAFORMA SALVEMOS A FONTE GAITEIRA

Diante da aberración que pretende facer o concello de Catoira na Fonte Gaiteira, onde quere construír un macroedificio, para albergar unha nova casa do concello e un auditorio-multiusos, son moitos os veciños e veciñas da nosa vila, que discrepan da ubicación desa obra e da necesidade de construír unha nova casa do concello. Por esta razón, o pasado domingo 14 de setembro, reuníronse nese parque máis de cen persoas en asemblea aberta, na que se acordou formar unha Plataforma Cívica para conseguir salvar a Fonte Gaiteira. Un parque que debemos preservar e ampliar para disfrute xeral da cidadanía.

Na devandita asemblea, atopábanse tamén representantes de diversas asociacións como Adegas, que é a organización ecoloxista máis importante de Galicia, Asociación de Gaiteiros Galegos, Ateneo Vikingo, a asociación de mulleres rurais "Ascuas", sociedade de San Antonio de Padua etc.

A nosa vila, non pode perder a posibilidade de ter no centro do pobo un parque, que pola súa amplitude, daría aos veciños e veciñas das catro parroquias de Catoira diversos servizos, parque infantil, zonas de lecer, lugar de concertos no verán ao aire libre etc.. Sería un auténtico despropósito, renunciar a ter ese gran parque, para construír unha nova casa do concello que ninguén demanda e tendo espazos de sobra para ubicar o auditorio-multiusos.

Ao carón desa parcela, formando todo un conxunto homoxeneo, harmónico, atópanse un muiño e outros bens protexidos por patrimonio, ao estar catalogados como ben de interese cultural, a ponte, a igrexa etc. O lóxico é darlle a todo isto un tratamento global integrando todo nun gran parque.

En Catoira temos unha serie de valores que nos distinguen e nos dan unha personalidade propia como pobo, os muiños de vento, de auga, de marea, as Torres de Oeste etc... Cunha pequena inversión, teríamos no centro do pobo outro valor que nos distinguiría e sería outro símbolo de identificación da nosa vila, o parque da Fonte Gaiteira. Renunciar a isto para facer un edificio, é converternos nunha vila estándar, sen personalidade, é renunciar a ir sumando valores e símbolos, que son os que fan atractivo a un pobo.

Esas son as razóns polas que se crea a Plataforma "Salvemos a Fonte Gaiteira"
Tendo coma reivindicacións principais as seguintes:

CONSTRUIR O AUDITORIO-MULTIUSOS NOUTRO LUGAR

DEIXAR A CASA DO CONCELLO ONDE SE ATOPA AGORA, PROCEDENDO A UN ARRANXO DO ENGADIDO QUE SE LLE FIXO Á VELLA CASA CONSISTORIAL.

CONVERTER TODA A PARCELA DA FONTE GAITEIRA NUN PARQUE.

DOMINGO 28 DE SETEMBRO, CONCENTRACIÓN NA FONTE GAITEIRA ÁS 12 DA MAÑÁ.
SALVEMOS A FONTE GAITEIRA.

PLATAFORMA "SALVEMOS A FONTE GAITEIRA"